




PROGRAMA DO CURSO “INTEGRACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NO ENSINO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS”

CFR DE VIGO

Marzo 2024

Mércores 6 (Paula Gómez) - 16:30 - 19:30 (3h)

Venres 8 (Marco Vélez) - 16:30 - 20:30 (4h)

Sábado 9 (Marco Vélez) - 9:30 - 13:30 (4h)

Mércores 13 (Paula Gómez) - 16:30 - 20:30 (4h)

Presentación

Este curso ten como obxectivo adestrar ao profesorado de linguas estranxeiras no uso das novas tecnoloxías como ferramentas de motivación, inclusión e promoción da aprendizaxe autorregulada.

O curso pretende ser de utilidade para o profesorado de todos os niveis de competencia TIC e fomentará o uso responsable das tecnoloxías educativas. Ademais, disporase dunha aula virtual na que se publicarán todos os materiais e varios videotutoriais dalgunhas das ferramentas traballadas, de forma que estas se poidan revisar con posterioridade se é necesario.

O enfoque metodolóxico será eminentemente colaborativo e accional, alternando bloques teóricos e prácticos coa realización de proxectos de pequeno e gran grupo no que todos os alumnos poderán colaborar na realización dun produto final. O curso estrutúrase nos módulos seguintes:

MÓDULO 1: Explorando H5P para a creación de contido interactivo na aula de linguas estranxeiras

Mércores, 6/3/2024 (Paula Gómez) - 16:30-19:30 (3h)

OBXECTIVOS:

- Comprender os fundamentos de H5P e o seu potencial para a creación de contido interactivo.
- Afondar no deseño das diversas actividades interactivas que ofrece H5P.
- Guiar ás persoas participantes para que creen o seu propio libro interactivo empregando H5P.
- Analizar a recollida de datos do desempeño do alumnado a través da aplicación cloud.lumi.com.
- Explorar o uso de [ChatGPT](#) como xerador de contido instrucional para H5P.

CONTIDOS:

- Ferramenta H5P nos seus diferentes modos de uso: plataforma vs. integrado.
- Ferramenta Lumi nos seus diferentes modos de uso: app, cloud, desktop.

METODOLOXÍA:

A sesión iniciarase cunha presentación da ferramenta H5P nos seus diferentes modos de uso. Continuará coa análise de exemplos prácticos xa elaborados e da xestión de arquivos deseñados con H5P e rematará co deseño dun libro interactivo segundo unha escaleta de deseño previo. As persoas participantes

terán a oportunidade de empregar a ferramenta de intelixencia artificial *ChatGPT* para redactar contido instrucional válido para H5P.

TEMPORALIZACIÓN:

16h30-18h00 Bloque 1.1: Que é H5P e para que serve.

18h00-19h30 Bloque 1.2: O libro interactivo en H5P.

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO:

O profesorado participante deseñará un libro interactivo en H5P que poderá achegar para a súa valoración. O *feedback* resultante será accesible a través dun taboleiro exposto na aula virtual do CFR de Vigo.

MÓDULO 2: CONVERTER A AULA NUN PLATÓ DE TELEVISIÓN

Venres, 8/3/2024 (Marco Vélez) - 16:30-20:30 (4h)

OBXECTIVOS:

- Mellorar a competencia lingüística nas destrezas de produción, coprodución e mediación oral dos nosos alumnos.
- Seleccionar, crear, modificar, protexer e difundir recursos dixitais para a docencia de linguas estranxeiras.

CONTIDOS:

- Ferramentas para mellorar a habilidade comunicativa e para deseño de UDD.

METODOLOXÍA:

A sesión iniciárase cunha presentación das ferramentas e continuará coa realización dun proxecto colaborativo en pequenos grupos que se materializará nun produto final.

TEMPORALIZACIÓN:

16h30-18h30 Bloque 2.1: Ferramentas para a edición de vídeo e veedvack.

18h30-20h30 Bloque 2.2: H5P

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO:

O profesorado participante terá que levar a cabo un pequeno vídeo e un H5P que poderá achegar para a súa avaliación. O *feedback* resultante será accesible a

través da aula virtual do CFR de Vigo e a cualificación quedará reflectida no caderno de cualificacións da mesma.

MÓDULO 3: A AULA VIRTUAL COMO PUNTO DE ENCONTRO E LUDIFICACIÓN

Sábado, 9/3/2024 (Marco Vélez) - 9:30-13:30 (4h)

OBXECTIVOS:

- Mellorar a usabilidade e a estética da nosa aula virtual Moodle.
- Avaliar con Moodle mediante rúbricas e listas de cotexo.
- Ludificar a nosa aula incorporando a Moodle ferramentas de gamificación.

CONTIDOS:

- formato “telas” de Moodle.
- libro de cualificacións de Moodle.
- Ferramentas de ludificación.

METODOLOXÍA:

A sesión iniciárase cunha presentación das ferramentas e continuará coa realización dun proxecto colaborativo en pequenos grupos que se materializará nun produto final.

TEMPORALIZACIÓN:

9h30-11h30 Bloque 3.1: Aula virtual.

11h30-13h30 Bloque 3.2: Ferramentas de ludificación.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO:

O profesorado participante terá que levar a cabo un pequeno podcast que poderá achegar para a súa avaliación. O feedback resultante será accesible a través da aula virtual do CFR de Vigo e a cualificación quedará reflectida no caderno de cualificacións da mesma.

MÓDULO 4: A IA xenerativa no ensino de linguas: Ameaza ou oportunidade?

Mércores, 13/3/2024 (Paula Gómez) - 16:30-20:30 (4h)

OBXECTIVOS:

- Reflexionar sobre as oportunidades e desafíos que a IA presenta para o profesorado de linguas estranxeiras.
- Explorar ferramentas e recursos baseados en IA aplicados ao ensino.
- Facilitar exemplos prácticos reais de integración da IA na aula de linguas estranxeiras.
- Afondar no “*prompt engineering*” como estratexia de creación de material didáctico e actividades para profesorado e alumnado.

CONTIDOS:

- Ferramentas de Intelixencia Artificial para o ensino. Usos e implicacións éticas.
- Exemplos prácticos.

METODOLOXÍA:

A sesión iniciárase cunha breve reflexión sobre a evolución da IA no tempo e a súa recente incorporación ao mundo do ensino. Continuará cunha escolma de ferramentas útiles e de análise de exemplos prácticos. Rematará co deseño dunha actividade de aula empregando intelixencia artificial.

TEMPORALIZACIÓN:

16h30-18h30 Bloque 4.1: Reflexión sobre as oportunidades e desafíos que ofrece a IA.

18h30-20h30 Bloque 4.2: Escolma de ferramentas de IA para a aula de linguas. Análise de exemplos prácticos. Deseño dunha actividade de aula empregando IA.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO:

O profesorado participante poderá deseñar unha actividade de aula empregando IA que poderá achegar para a súa valoración. O feedback resultante será accesible a través da aula virtual do CFR de Vigo.